



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2020

1. CONFERENCIAS SOBRE RESPONSABILIDADE CIVIL DO AVOGADO

O Colexio de Avogados, en colaboración con AON Affinity (corretoría da póliza de responsabilidade civil deste colexio), organiza unha xornada de relatorios sobre a responsabilidade civil do avogado.

Día: xoves, 12 de marzo

Hora: 18.30 h

Lugar: salón de actos

Prazas: 100, que se adxudicarán **por orde de inscrición**

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

Inscrición e prazo: por teléfono (981 581 713), fax (981 581 132) ou correo electrónico (icasantiago@icasantiago.org) **ata o día 11 de marzo ás 14.00 h**

Programa de relatorios:

- “A recente xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre responsabilidade civil e seguro”. **José Luis Seoane Spiegelberg**, maxistrado do Tribunal Supremo
- “A responsabilidade civil do avogado e a sociedade profesional”. **Gonzalo Iturmendi Morales**, avogado e secretario xeral da Asociación Española de Gerencia de Riesgos y Seguros
- “Principais aspectos do contrato de seguro de responsabilidade civil para o exercicio da avogacía”. **Roberto Botana Castro**, avogado e colexiado do ICA Santiago

2. XORNADA: “OPTIMIZACIÓN DO BAREMO DE TRÁFICO E FERRAMENTAS PARA MELLORAR AS INDEMNIZACIÓNS DAS VÍTIMAS”

O Colexio de Avogados, en colaboración con Asociación DIA de Víctimas de Accidentes organiza esta xornada, que estará centrada no baremo e en ferramentas para acelerar as reclamacións e mellorar as indemnizacións.

Día: martes, 31 de marzo

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos

Prazas: 100, que se adxudicarán **por orde de inscrición**

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

Inscrición e prazo: por teléfono (981 581 713), fax (981 581 132) ou correo electrónico (icasantiago@icasantiago.org) **ata o día 30 de marzo ás 14.00 h**

Programa de relatorios:

- “Presentación da Asociación e do seu labor en prol das vítimas”. **Francisco Canes Doménech**, presidente de Asociación DIA



- “Ferramentas para a mellora das indemnizacións. Arts. 105-112 LRCSCVM”. **Elena Fernández Cuadrado**, coordinadora responsable do departamento legal de Asociación DIA
- “Cuestións prácticas sobre a aplicación da psicoloxía ao baremo”. Psicólogo/a forense, pendente de confirmar

3. GUÍA COLEXIAL 2020: ACTUALIZACIÓN DE DATOS

Coma todos os anos, o Colexio de Avogados vai editar proximamente a *Guía Colexial 2020*. Ábrese un **prazo ata o vindeiro venres, 13 de marzo**, ás 14.00 h, para que os colexiados/as que desexen actualizar os seus datos profesionais o comuniquen na secretaría do colexio. Calquera solicitude de cambio de datos posterior a esta data non se recollerá nesta publicación.

Así mesmo, os letrados/as que desexen incorporar unha **fotografía** nesta guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cun escrito de autorización para a súa publicación.

Unha vez elaborado o borrador desta guía, publicarase na páxina web durante 5 días para que poida ser revisada e corrixir posibles erros.